


CUMIEIRA

Cadernos de investigación da nova Filloxía Galega

Departamento de Filloxía Galega e Latina

Vol. 10 - 2025

Xosé A.
Fernández Salgado
(ed.)



Universidade de Vigo

Departamento de
Filloxía Galega e Latina

CUMIEIRA

*Cadernos de investigación
da nova Filoloxía Galega*

Vol. 10 - 2025

Xosé A. Fernández Salgado (ed.)

Departamento de Filoloxía Galega e Latina

UNIVERSIDADE DE VIGO

Cumieira : Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega. Vol. 10/Xosé A. Fernández Salgado (ed.). -- Vigo: Universidade de Vigo, Departamento de Filoloxía Galega e Latina, 2025

184 p.; 24 cm

D.L. VG 620-2025

ISBN: 978-84-1188-083-1

1. Filoloxía Galega. I. Fernández Salgado, Xosé Antonio, ed. lit. II. Universidade de Vigo, Departamento de Filoloxía Galega e Latina, ed.

© Departamento de Filoloxía Galega e Latina (Universidade de Vigo)

© Xosé A. Fernández Salgado, Sandra Comesaña Pires, Natalia Otero Oubiña, Ariel Quintela Sesar, Olalla Vizoso González, Silvia Miguélez Trabazos

© Xosé A. Fernández Salgado (ed.)

Revisión científica do volume 10:

Xosé-Henrique Costas González (UVigo), Benigno Fernández Salgado (UVigo), Alexandre Rodríguez Guerra (UVigo) e Xosé A. Fernández Salgado (UVigo)

Maquetación: Xosé A. Fernández Salgado

Deseño da portada: Tania Sueiro (Área de Imaxe da Universidade de Vigo)

Edición:

Departamento de Filoloxía Galega e Latina da Universidade de Vigo
Facultade de Filoloxía e Tradución
Campus das Lagoas-Marcosende - 36310 Vigo

Impresión: Gráficas Muriel

Dep. Legal: VG 620-2025

ISBN: 978-84-1188-083-1

CUMIEIRA. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega aparece recollida nas bases de datos DIALNET e BILEGA, no *Catálogo Italiano dei Periodici* ACNP (Università di Bologna), en *Linguistic Bibliography* e Brillonline de BRILL e na *Linguistic Open Access Journals*, compiled by Jan Szczepanski.

Índice/*Index*

- 9** Limiar /
Introduction
- 11** XOSÉ A. FERNÁNDEZ SALGADO
Dez anos de Filoloxía Galega na revista *Cumieira* (2016-2025) /
A Decade of Galician Philology in the Journal Cumieira (2016-2025)
- 39** SANDRA COMESAÑA PIRES
Estratexias e retos das familias na transmisión e mantemento do galego
en Vigo / *Strategies and Challenges of Families in the Transmission and
Maintenance of Galician in Vigo*
- 61** NATALIA OTERO OUBIÑA
Galego e castelán en contacto no audiovisual de Galicia: o caso da serie
Fariña / *Galician and castilian languages in touch on the Galicia's
audiovisual industry: the case of series Fariña*
- 107** ARIEL QUINTELA SESAR
Bases para un dicionario LGBT+ Galego / *Basis for a Galician LGBT+
Dictionary*
- 139** OLALLA VIZOSO GONZÁLEZ
Variación lingüística nos concellos de Tui e Tomiño: as variantes
relacionadas co seseo / *Linguistic variation in the municipalities
of Tui and Tomiño: the variants related to seseo*
- 177** Recensións / *Reviews*
Costas, Xosé-Henrique (2025): *A fala de Vigo*. Vigo: Área de Normalización
Lingüística da Universidade de Vigo / Concello de Vigo / Faladoiros Vigo
por SILVIA MIGUÉLEZ TRABAZOS
- 179** Autoras e autores de *Cumieira*, Vol. 10 /
Cumieira's authors
- 180** Normas para o envío de orixinais /
Manuscript submissions guidelines. Information for authors

ESTRATEGIAS E RETOS DAS FAMILIAS NA TRANSMISIÓN E MANTEMENTO DO GALEGO EN VIGO

Strategies and Challenges of Families in the Transmission and Maintenance of Galician in Vigo

Sandra Comesaña Pires

Universidade de Vigo
sandrapires26112@gmail.com

DOI: <https://doi.org/10.35869/cumieira.v10.25.2>

Resumo: Aplicando a interrelación entre os tres niveis de política lingüística (práctica, ideoloxía e xestión lingüística) propostos por Spolsky (2004), analizamos os éxitos e dificultades atopados por catro familias viguesas que decidiron educar os fillos en galego. En moitas ocasións, estas están condicionadas polo entorno castelanizador (fundamentalmente a escola) e as crenzas da comunidade. Tras a análise, concluímos que sería necesaria unha inmersión lingüística en galego para garantir a continuidade da lingua nos máis pequenos, xa que a entrada ao colexio moitas veces provoca unha mudanza na lingua habitual por influencia dos compañeiros, mesmo cando a xestión lingüística no fogar é levada a cabo con constancia e estratexias efectivas de alfabetización. Isto poderíase evitar con cambios nas políticas gobernamentais, especialmente no ensino, para protexer a lingua minorizada en contextos como a cidade de Vigo, onde o castelán é a lingua predominante.

Palabras chave: política lingüística, política lingüística familiar, actitudes lingüísticas, sociolingüística.

Abstract: Applying the interrelation between the three levels of language policy (language practices, language ideologies and language management) proposed by Spolsky (2004), we analyze the successes and challenges faced by four families from Vigo who decided to raise their children in Galician. Often, these are influenced by the Spanish-dominant environment (mainly the school system) and the beliefs of the community. Following the analysis, we conclude that linguistic immersion in Galician would be necessary to ensure the continuity of the language among the youngest, as starting school often leads to a shift in the habitual language due to peer influence, even when linguistic management at home is consistent and effective literacy strategies are employed. This could be mitigated by changes in governmental policies, especially in education, to protect the minority language in contexts such as the city of Vigo, where Spanish is the predominant language.

Keywords: language policy, familiar language policy, language attitudes, Galician sociolinguistic.

CUMIEIRA. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega

Dpto. de Filoloxía Galega e Latina, Universidade de Vigo

Vol. 10, 2025, pp. 39-60, ISBN: 978-84-1188-083-1

1. Introducción¹

Tras anos de represión durante a ditadura franquista, o uso do galego foise recuperando na vida pública nos anos da transición cunha serie de medidas aprobadas nos últimos anos do século XX e inicios do XXI. Coa chegada en 2009 do Partido Popular ao goberno, a inclusión do galego nas escolas comezou a ser un problema, e as medidas de promoción previamente consensuadas en torno ao Plan Xeral de Normalización Lingüística (PXNL 2004) sufriron un proceso de reversión. Ademais, comezaron a prevalecer os mitos da «imposición» do galego e da «liberdade de lingua», fronte á ideoloxía da normalización lingüística institucionalizada dende a aprobación da Lei de normalización lingüística (LNL) de 1983 .

Nestes momentos, o galego atópase nunha fase en que a transmisión xeracional segue adiante, mais limitada a certos fogares ou comunidades. Se esta tendencia continúa, pasará a ser unha lingua en perigo usada só por algúns falantes maiores. Para Fishman (1991) o primeiro paso na recuperación dunha lingua minoritaria é a súa transmisión como lingua materna, pero a contorna urbana no caso galego pode ser desfavorable cando o castelán é maioritario. Por esta razón, analizamos as políticas lingüísticas familiares (PLF) de familias que deciden educar en galego na área de Vigo, por ser este un contexto de alta minorización.

A política lingüística familiar pode definirse como o conxunto de decisións, conscientes ou inconscientes, que toma unha familia sobre o uso das linguas no fogar (Curdt-Christiansen 2009). Este autor afirma que a ideoloxía dos proxenitores supón tamén prácticas implícitas dentro da PLF. Así mesmo, nesta política inflúen tanto os factores internos (valores e crenzas da familia canto ás linguas) así coma os externos (actitudes sociais, recursos educativos, políticas gobernamentais, etc.). As ideoloxías da familia poden condicionar as prácticas lingüísticas dentro do fogar, así como a xestión lingüística onde se inclúen estratexias explícitas para a transmisión da lingua minorizada. Porén, nalgunhas ocasións atópanse certas contradicións entre ideoloxía e planificación lingüística da familia (Iglesias/Acuña 2022b).

Neste traballo estudaremos estes conceptos no caso concreto de catro familias que deciden transmitir o galego aos seus descendentes. Na mesma liña, e seguindo a Spolsky (2004), analizaremos a relación entre as políticas lingüísticas do nivel macro e o nivel micro. No caso do galego, consideramos que as diferentes medidas por parte do goberno autonómico son insuficientes para unha recuperación do galego como lingua habitual en Galicia, especialmente nas áreas urbanas, como é a do noso estudo.

¹ Este texto sintetiza os contidos do meu Traballo de Fin de Mestrado, elaborado baixo a dirección de Benigno Fernández Salgado, no MiLA (Mestrado interuniversitario de Lingüística Aplicada).

Para a consecución dos nosos obxectivos, fixemos 5 entrevistas a 4 familias da cidade de Vigo, en 4 barrios diferentes que rodean o centro da cidade: Balaidos, Lavadores, Sárdoma e Teis. A través dos resultados, e previa revisión bibliográfica da situación sociolingüística do galego e estudos sobre PLF en Galicia, examinamos cales son as principais estratexias e dificultades das familias, así como a proposta de medidas necesarias para mudar a situación.

Desde a chegada da democracia a España, comezaron a tomarse medidas para a recuperación do uso e prestixio do galego na Comunidade Autónoma de Galicia. En 1981 aprobouse o Estatuto de Autonomía no que se recoñeceu o galego como «lingua propia» de Galicia e a súa oficialidade xunto co castelán. En 1983 apróbase a Lei de Normalización Lingüística, que recoñece a situación de desvantaxe fronte ao castelán e implántanse políticas de promoción da lingua galega, destacando a incorporación desta na educación obrigatoria e nos medios de comunicación, coa creación da Radio e Televisión de Galicia en 1985, que tivo un papel moi importante no incremento de uso e visibilidade do galego. En 1987 establécese que, como mínimo, unha materia da educación obrigatoria debía ser en galego (ademais da propia materia de lingua galega) e en 1995, un terzo das materias debían ser en galego.

Coa publicación en 1996 do *Mapa Sociolingüístico de Galicia*, creouse a alarma en canto á transmisión xeracional do galego e o seu abandono nas novas xeracións. No ano 2000, o estado español ratificou a *Carta europea para as linguas rexionais ou minoritarias* (Brohy *et al.* 2019), que busca preservar a diversidade lingüística en Europa.

No caso de España, faise fincapé na especial importancia do sistema educativo. En 2001, o galego apareceu no *Atlas das linguas do mundo en perigo* da UNESCO, facéndose así evidente a necesidade de intervención neste proceso de substitución lingüística. Stephen Wurm escribira xa no informe de 1996 elaborado para aquela institución para alertar sobre a emerxencia lingüística de moitas das linguas do mundo a fins do século XX:

Toda lingua que non se ensine ós nenos, ou que non se ensine nunha gran proporción dentro da comunidade (digamos que, polo menos, ó 30 %) debe ser considerada unha lingua «en perigo» ou susceptible de acabar sendo unha delas. (a través de Fernández Salgado 2003)

En 2004 aprobouse o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, co obxectivo de avanzar nos usos sociais do galego en todos os ámbitos para así evitar a perda de transmisión da lingua. No 2005, a esquerda gañou as eleccións en Galicia e o novo goberno de coalición BNG-PSOE comezou a implantar medidas de promoción e fomento do galego. Podemos destacar o decreto do galego na educación, que establece

que, como mínimo, un 50% das materias da educación obrigatoria debían estar en galego e, ademais, debían estar incluídas as centrais do currículo. O partido de oposición, neses momentos o Partido Popular de Alberto Núñez Feijóo, tomou a lingua como estratexia política e comezou a recorrer a discursos de «imposición» do galego e liberdade de lingua, alegando que as novas medidas na educación supuñan un ataque ás persoas castelanfalantes (Gómez Ocampo 2016).

Este discurso propagandístico sen base real na situación sociolingüística de desvantaxe do galego, pero amplificado a través dos medios xornalísticos tivo unha enorme repercusión, e fixo que en 2009 acabase gañando as eleccións.

Nas tres lexislaturas que seguiron, os sucesivos gobernos de Núñez Feijóo implementaron unha política que Monteagudo (2019) cualificou de «promoción sen conflito». O galego comezou a perder terreo, especialmente no ámbito educativo. En 2010 aprobouse o Decreto de plurilingüismo, polo cal se reduciu o número de materias en galego e incluíu o inglés co mesmo fin. Ademais, decidiuse facer unha consulta ás familias sobre que lingua empregar nas clases, o que provocou que, de facto, naquelas áreas urbanas onde o castelán é dominante, o galego acabase por desaparecer das aulas (Monteagudo 2019, 2024).

Dous estudos recentes mostran a situación crítica da lingua na actualidade. En 2017, o Consello da Cultura Galega publicou o seu estudo *Prácticas e actitudes lingüísticas da mocidade en Galicia* (CCG 2017). Nel demóstrase como os prexuízos cara ao galego seguen moi presentes, especialmente en áreas urbanas, onde se relaciona co mundo rural e ideoloxías políticas de esquerda e nacionalistas. Ademais, o discurso da imposición do galego chegou tamén á xente máis nova, que non ve necesario nin útil o seu emprego na vida diaria nin, por exemplo, en certas materias do ámbito educativo.

Por outra banda, en 2018 publícanse os resultados da «Enquisa estrutural a fogares» do IGE sobre coñecemento e uso do galego. O inquérito mostra a perda de transmisión xeracional e o abandono do galego nas novas xeracións. Non obstante, os datos non provocaron alarma nin implementación de medidas; de feito, nas lexislaturas de Feijóo e agora con Rueda continuouse coa política lingüística instaurada no 2010, que reafirma a idoneidade para Galicia do «bilingüismo harmónico» da era fraguiana, transformado a partir do decreto en «trilingüismo harmónico» (a etiqueta é nosa).

Recentemente, o IGE publicou os resultados da enquisa sobre o uso do galego do 2023. Os datos son máis preocupantes ca nunca, como recolleemos na Táboa 1:

Lingua	2003	2008	2013	2018	2023
Só en castelán	11,40	13,53	14,70	14,40	18,82
Só en galego	35,04	24,32	22,21	22,70	17,92

Táboa 1: Evolución da porcentaxe de fogares nos que todos os membros de 5 ou máis anos falan habitualmente só en castelán ou só en galego.

Fonte: IGE 2023.

No caso da transmisión lingüística, as porcentaxes de familias que falan habitualmente en galego pasou dun 35,04% no ano 2003 a un 17,29% vinte anos máis tarde. O galego no ámbito familiar chegou ao seu mínimo histórico, mentres o castelán segue aumentando como lingua habitual nos fogares galegos.

Estes datos mostran a decadencia do uso da lingua propia do territorio en favor do castelán, o que contradí o afirmado polo goberno autonómico de Rueda de que o galego está nun bo momento, malia a caída récord de falantes e de que aparentemente non existe ningún conflito lingüístico, senón convivencia *harmónica* entre as dúas linguas. Mentres tanto, a substitución lingüística está acelerando sen que as institucións fagan nada por intervir.

Tal como afirma Spolsky (2004), as políticas lingüísticas do nivel macro (goberno e institucións) poden repercutir nas políticas do nivel micro (familia e comunidade). Ante unha situación de minoración, o contexto familiar e comunitario é fundamental para reverter o proceso de substitución lingüística (Fishman 2004). As familias galegas enfróntanse a numerosos factores que dificultan o uso da lingua galega nos seus fillos, principalmente o contorno castelanizador das áreas urbanas (Iglesias/Acuña 2022a) e a escola (Nandi 2019, 2023).

Por isto, na liña da ecoloxía lingüística como estudo das interaccións das linguas e dos seus falantes co seu entorno (Mühlhäusler 1994), na nosa abordaxe pretendemos investigar o proceso na área de Vigo, onde as PLF se ven afectadas polo contexto urbano en que se implementan así como polas políticas do nivel macro. Os testemuños das familias entrevistadas permítennos analizar ao nivel micro as estratexias necesarias para a transmisión do galego, as dificultades para a continuación da lingua nos nenos e a xestión lingüística dentro do fogar.

Na Táboa 2 móstrase o perfil sociolingüístico dos nosos informantes:

- (1) lugar de residencia
- (2) lugar de nacemento
- (3) idade
- (4) profesión
- (5) lingua materna
- (6) lingua habitual
- (7) lingua e idade dos fillos

Informante	(1)	(2)	(3)	(4)	(5)	(6)	(7)
Inf_Bal	Balaídos	Vigo (A Florida)	44	Autónomo	Cast.	Cast./Gal.	Cast. (9 anos)
Inf_Lav_1	Lavadores	Cuntis	49	Oficial condutor	Gal.	Gal.	Gal./Cast. (7 e 9 anos)
Inf_Lav_2	Lavadores	A Estrada	48	Adminis- -trativa	Gal.	Gal.	Gal./Cast. (7 e 9 anos)
Inf_Sar	Sárdoma	Vigo (Sárdoma)	47	Bombeiro condutor	Cast.	Gal.	Gal./Cast. (5 e 10 anos)
Inf_Tei_1	Teis	Vigo (Teis)	52	Bombeiro	Cast./Gal.	Gal.	Gal./Ingl. (11 anos) Cast./Gal. /Ingl. (14 anos)
Inf_Tei_2	Teis	Vigo (Teis)	14	Estudante	Gal./ingl.	Cast./Gal. /Ingl.	n/a

Táboa 2: Perfís dos informantes.

Escollemos 4 informantes adultos e 1 informante menor de idade, adolescente, para engadir unha perspectiva diferente á dos pais sobre o uso e situación do galego. No caso da familia de Lavadores, estiveron presentes durante a entrevista os dous proxenitores, o resto foron entrevistas individuais

3. Estratexias e dificultades na transmisión e uso do galego

A transmisión do galego nas primeiras etapas dos fillos da maioría das familias non foi unha tarefa moi complicada. Porén, na familia de Balaídos, integrada por un pai separado, o neno non chegou a falar galego debido a que o seu único referente galegofalante é o propio pai. No resto das familias, os nenos falaron sempre galego ata que comezou a socialización cos iguais, e comezaron a empregar o castelán como ferramenta de inclusión.

No caso da filla menor da familia de **Teis**, esta nunca chegou a falar castelán e ten o galego como a súa lingua habitual en todos os ámbitos. Neste caso, a diferenza no uso das linguas débese á escolla da escola para cada unha delas. A filla maior foi a unha escola pública onde dominaba o castelán, e chegou a adoptalo como a súa lingua habitual por un período de tempo, mesmo coa familia, onde unicamente se fala galego e inglés. Ante isto, e coa aparición da escola Semente en Vigo, decidiron enviar á súa filla pequena a este novo proxecto onde apostan por unha inmersión lingüística en galego. Máis tarde, esta decidiu que quería ir á escola da súa irmá maior e, ao tratarse dunha escola pequena, varias familias optaron por pasarse a esa nova escola coa esperanza de que se puidese manter a lingua, o que si foi posible. O pai alédase de que as súas fillas poidan escoitar e falar o galego con normalidade neste contexto, xa que foi algo que el non viviu.

A familia de **Lavadores** tamén optou pola escola pública; a lingua non foi un requisito para escoller unha ou outra. Os seus fillos entraron nunha escola tamén pequena onde, nese momento, había un grupo importante de nenos e profesores galegofalantes. Os nenos sentíronse cómodos empregando a súa lingua, non percibiron ningunha diferenza nin se sentían incómodos por falar unha lingua ou outra, de tal forma que a lingua materna continuou durante os primeiros anos de infancia. Recentemente, debido a un cambio de domicilio e novas amizades, comezan usar o castelán cos seus iguais como ferramenta para sentirse aceptados.

Na Táboa 3 recolleemos a lingua habitual dos fillos e fillas en distintos contextos.

Familias	Perfil	Idade dos fillos/as	Lingua habitual no fogar	Lingua habitual familia extensa	Lingua habitual fóra do fogar	Lingua habitual na escola
Balaídos	Neofalante (bilingüe)	9	Cast.	Cast.	Cast.	Cast.
Lavadores	Galegofalantes tradicionais	7	Gal.	Gal.	Gal./Cast.	Gal.
		9	Gal.	Gal.	Gal./Cast.	Gal.
Sárdoma	Neofalantes	5	Gal.	Gal.	Gal./Cast.	Cast.
		10	Gal.	Gal.	Gal./Cast.	Cast.
Teis	Neofalantes	11	Gal./Ingl.	Gal./Ingl.	Gal.	Gal.
		14	Gal./Ingl.	Gal./Ingl.	Gal./Cast.	Gal./Cast.

Táboa 3: Lingua habitual dos fillos e fillas en distintos contextos.

3.1. Lectura e contos en galego

As familias destacan a lectura, especialmente os contos nocturnos, como un dos principais recursos para introducir o galego nas primeiras etapas da infancia. En dúas das cinco familias, os proxenitores traducen directamente ao galego, na lectura en alto, libros que están en castelán ou portugués para manter o uso da lingua.

[Inf_Sar]

Quizais o principal recurso que usamos desde sempre é a lectura, o conto nocturno. Ata que o maior comezou a ler pola súa conta, todos os contos pola noite eran en galego. *Penso que é un calado importante de día a día, e ese momento teu máis recollido, pegado a eles e tal. Aí a lectura era en galego².*

² Destacamos en cursivas todos os enunciados que nos parecen relevantes das entrevistas e que exemplifican os argumentos que pretendemos destacar.

3.2. Contido audiovisual

Todas as familias recoñecen a dificultade de atopar debuxos animados e películas en galego. Algúns optan por contidos en portugués debido á súa semellanza co galego, mentres que outros aceptan que os seus fillos consuman contido en castelán pola falta de alternativas.

[Inf_Sar]

Nas películas principalmente buscamos se puidesen ser en galego, e se non pois *tirar do portugués*. E se non dicíamos: «ah, pois esta non está!». Unha cousa que si intentabamos era *escapar do castelán*. Pero polo feito de que *xa está en todos os lados*. Entón cando queren ver películas, pois se tes ganas de ver películas, *as vemos noutras linguas*.

As familias que optan polo portugués e outros idiomas son conscientes da influencia tan grande que ten o castelán, por esta razón non se conforman e buscan alternativas aínda non habendo moita oferta en galego.

3.3. Referentes galegofalantes

A importancia de contar con referentes que falen galego fóra da casa é clave para a transmisión da lingua. En 3 dos 7 fillos, a falta de referentes contribúe ao fracaso na transmisión interxeracional. O caso máis representativo disto é a familia de Balaídos, onde o pai é o único referente galegofalante para o fillo.

[Inf_Bal]

A ver, o castelán o percibiu máis que o galego. Porque *o galego só foi de parte miña*. Incluso *na miña casa nunca se falou galego*, nin meus pais entre eles nin a el tampouco lle faláron galego.

[Inf_Bal]

Foi decisión miña cando sabía que ía nacer, *decidín falar con el en galego*.

Como pai consciente da situación actual de transmisión do galego, comentounos que decidira adoptar esta lingua para poder transmitila ao seu fillo, xa que, de non ser así, non posuiría ningún referente galegofalante e todo o seu entorno sería castelanfalante.

3.4. Influencia do entorno escolar

O colexio ten un impacto significativo no uso do galego, tal como demostra Nandi (2019) no seu estudo. En escolas onde hai apoio para o uso do galego, os nenos seguen falándoo. Con todo, en moitos centros, a maioría dos compañeiros e profesores falan castelán, o que leva a que os nenos adopten esta lingua para socializar e non sentirse diferentes. Nas narracións analizadas ocorre isto en 3 ocasións.

[Inf_Bal]

E: Sabes se [no colexio] dan materias en galego? Se hai algún tipo de...

Inf_Bal: Pois un pouco a educación que hai agora. As hai pero fan o que lles sae... de dentro. [...] *Porque supostamente hai asignaturas que están en galego. Naturales, Sociales... e as dan en castelán.* Así que tampouco... Eu creo, polo que me di el, creo que o galego e con sorte.

[Inf_Sar]

Nas escolas eran como bechos raros [...]. O colexio non axuda nada [...]. Incluso despois as normativas, de que a comunidade educativa ten que dirixirse en galego ás familias... é mentira todo. Ou sexa, non é que sexa mentira, é que non o cumpren. Teñen que facelo pero... entras aí, pos a orella e os profesores falan en castelán, incluso os comunicados á familia van en castelán. E bueno, pois non favorece.

Para estas familias a escola é un elemento que obstaculiza o uso do galego nos seus fillos. Observan, ademais, un incumprimento das normativas, pois o castelán é a lingua case exclusiva dos centros educativos, cando se establece unha porcentaxe de materias en galego así como comunicados ás familias. Porén, as familias de Lavadores e Teis viviron experiencias diferentes cos centros educativos. Aínda así, son conscientes de que non é habitual atopar escolas en Vigo onde o galego sexa lingua habitual dunha parte do estudantado e profesorado.

[Inf_Lav_2]

Eu digo que *eles seguen falando galego porque coincidiu que na escola o falaban.* Había un grupiño que o falaba e os profesores naquel entóns cando eles entraron falábano, entóns eles seguiron por aí. [...] Empezaron nese idioma porque se sentían cómodos, ninguén lle dixo: «Ah, por que falas así?». Entóns mantivérono. Pero *se houberan ido a un cole máis grande, non houberan falado galego. A pesar de que nós non lle iamos falar castelán.*

Na Táboa 4 amosamos dunha forma esquemática as estratexias empregadas e as dificultades atopadas nalgúns recursos de alfabetización, como pode ser o contido audiovisual.

Familia	Lectura	Audio- -visuais	Actividades en galego	Lecer en galego	Tipo de escola	Referentes galego- -falantes
Balaídos	Gal.	Cast.	Contacontos	Actividades de montaña	Pública (cast.)	Pai
Lavadores	Gal.	Cast.	Actividades de Semente (puntuais)	Amizades galegofalantes da escola	Pública (gal.)	Familia
Sárdoma	Gal.	Cast./ Gal./ Outras	Actividades de Semente (puntuais)	Quedadas por grupo de wathsapp	Pública (cast.)	Familia
Teis	Port./ Gal.	Port./ Ing.	Violonchelo (solicitan que sexa en galego)	Grupo de amizades galegofalantes. Vacacións en Portugal	Pública (cast./gal) Semente	Familia

Táboa 4: Recursos de alfabetización/transmisión do galego.

4. Factores externos

Por outra banda, os nosos informantes tamén reflexionan sobre a situación sociolingüística que se está a vivir en Galicia, e son conscientes da influencia das políticas do nivel macro e as crenzas da comunidade no éxito das súas políticas no fogar.

4.1. Prexuízos sociais e identidade

Os informantes reflicten que, en Galicia, o galego está asociado a certos grupos políticos ou sociais, o que fai que moitos opten polo castelán por ser percibido como unha lingua de prestixio ou progreso «non marcada». Esta situación provoca unha falta de transmisión interxeracional do galego, especialmente nas zonas urbanas.

[E]

Queredes engadir algunha cousa máis?

[Inf_Lav_1]

Que, bueno, que *a tendencia do galego vai ser «un idioma de raros»*. Porque cando debería ser unha lingua, que non deixa de ser unha fonte de riqueza cultural pois vai quedarse a *redutos moi concretos*. É certo que si que se asocia que a xente que falamos de forma habitual galego, *asóciase, bueno, neste caso a un partido político de izquierdas, o Bloque, e ao nacionalismo*. Que es nacionalista e excluín-te. Para nada. Pois si me parece, a min, a reflexión á que chego é que *me parece moi triste que aos nenos se lles fale castelán. Porque iso para min é un indicativo de desprezo á túa lingua*. E que asocias a túa lingua a Bloque ou as, non sei como definilo, de inferioridades. Un adxectivo despectivo. Desprezo.

Este informante manifesta a súa decepción ante a situación actual do idioma e un mal pronóstico na súa conservación. A lingua atópase nun estado de emerxencia extrema, tal como mostran os datos máis recentes do IGE (2023). Por tanto, debería pensarse en intervir para evitar a súa desaparición, tal como ocorre coa perda da biodiversidade do planeta. Esta metáfora da ecoloxía da lingua é empregada por un informante para reflectir a situación do galego.

[Inf_Sar]

De cara ao colexio, non? Que se debería coidar máis, ou sexa, ser máis conscientes de que se tes 2, 5, 6 ou 8 nenos que falan galego es súper responsable. Falando do profesorado, son súper responsables de que a lingua continúe. [...] Pero, se tes rapaces galegofalantes na escola? Eu que sei, tes que mimar iso dunha maneira especial. Ser consciente do que tes aí. Ou sexa, polo menos en Vigo. Saber que se che din: *«un animal está en perigo de extinción, vamos a coidalo»*. *Cos rapaces, hai xente facendo un esforzo, pasando dificultades para que... Educar en galego en Vigo é moi complicado, non? Pois se che chegan nenos que falan galego, ser consciente do que tes. E fai a parte que che corresponde, de coidado*. E que che din: *«Non, xa me encargo eu, que cando leo contos algún o leo en galego»*. Non, non é iso.

No caso que aquí nos ten, a maior responsabilidade nesa preservación debería recaer no colexio, o lugar onde os nenos pasan a maior parte do tempo e onde comeza a súa socialización. Precisamente as políticas lingüísticas do nivel educativo son as que máis favorecen a desaparición progresiva do galego, facendo que os nenos galegofalantes cambien a súa lingua materna polo castelán. A escola é o medio no que vive a lingua, e ese medio pouco amigable condiciona a continuidade da lingua minorizada, de xeito que as políticas lingüísticas dentro da familia vense ameazadas polo contorno castelanizador.

Por outra banda, os informantes son conscientes do conflito lingüístico que existe na comunidade, e da falta de prestixio que ten o galego, a diferenza doutras linguas minoritarias da península.

[Inf_Tei_1]

[...] Na Galiza, a diferenza doutros lugares como Cataluña e País Vasco onde a lingua está en diferentes estratos sociais desde as elites económicas ata o yonki que vive en Bilbo, *aquí xa se asocia cun determinado nicho político, social*, concretamente xa é o contrario do que era. Antes era asociado co mundo rural, coa xente humilde do campo, con labregos, etc.; agora xa asociado cun posicionamento político, unha fracción política determinada ata tal punto que, é curioso isto, cando nunha fase etaria na que estou eu, *a xente máis idosa, vella, que con 80 anos ou así se nega a falar galego contigo*. Porque entende que *se ti falas galego non é por unha cuestión natural, senón determinado por un posicionamento político detrás*.

Falar galego, especialmente en zonas urbanas, deixou de ser un acto de naturalidade e é percibido como posicionamento político. Isto pode provocar actitudes de rexeitamento cara á xente que fale galego, convertendo a escolla das linguas nun conflito.

Entre as actitudes maioritarias na sociedade, continúa estando vixente a asociación do castelán coa cidade e como idioma que transmitir aos nenos, tal como se anota tamén no estudo de Iglesias e Acuña (2022a).

[Inf_Lav2]

E despois o, non sei como dicilo, se complexo, porque *se a alguém lle dis que vives en Vigo... «Ai, e os teus nenos falan galego?»*. Como que *asocian que na cidade hai que falar castelán*. Porque a min pásame, eu son da Estrada e vas alí e a todo o mundo lle sorprende que os teus rapaces falen galego. E diríxense a eles en castelán.

Os nosos informantes son totalmente conscientes destas actitudes, que lles resultan sorprendentes porque a xente galegofalante muda para o castelán mesmo cando os nenos se manteñen falando galego. Tamén apuntan que isto xa non é algo exclusivo das cidades, senón que nas zonas rurais a transmisión xeracional tamén está diminuindo e o galego xa non é o idioma habitual da xente máis nova.

[Inf_Lav_1]

Os fillos dos nosos amigos falan castelán todos. [...] *Nun entorno rural falan todos en castelán. É máis, ata lles choca que estes falen galego*. Cando van ao entorno... ás nosas aldeas.

[Inf_Lav_2]

Eu crieime con veciños que os pais falaban galego e falábanlle aos nenos en castelán. E cando eses adultos non sabían falar ben, ou sexa, *fas un sacrificio dirixíndote aos nenos para aprenderlle a falar castelán cando ti o que utilizas e no que realmente es rápido falando é o galego*. Para que fas o sacrificio? É porque tes... *un cando ten un fillo quere o mellor para el, entón dis ti, o mellor para el é falarlle castelán*.

O castelán segue sendo considerado a lingua de progreso, polo que os pais deciden transmitirles esa lingua aos seus fillos, de tal forma que tentan evitar para os fillos posibles conflitos. Educar en galego acabou por converterse en todo un desafío, unha opción difícil á que tanto os proxenitores como os nenos deberán facer fronte ao longo da súa vida con situacións incómodas.

[E]

E a reacción cara o uso do galego onde vivides é positiva, negativa, indiferente...?

[Inf_Sar]

Non sei. Non sei se é que nos dá un pouco igual o que falen os demais pero si que escoitas cousas de, as típicas paridas de «Ai que ben, que os nenos falan». Iso si que me parece horroroso, me parece horrible na orella. En plan de, oiga, señora, se fala galego, fala castelán ou fala o que fale, non lle ande a dicir «ai que ben que fala» como se fose unha cousa rara. Porque ao final *te fan sentir raro*. Estou na miña normalidade e me vén dicir «Ai, que ben que fas». Ostras, para. Isto destaca, e por que destaca? *Que eu ao mellor quero ser invisible, que son un rapaz pequeno e non quero estar no centro de atención de ninguén. E vexo que se falo galego resulta que falan de min.*

Os nenos galegofalantes estanse enfrontando continuamente a comentarios e incomodidades. Malia que nalgúns casos os comentarios non son directamente negativos, si que indican que o que están facendo ao falar a súa propia lingua é algo rechamante. Fóra do fogar, falar galego deixa de verse como algo natural e non pasan desapercibidos. En ocasións, mesmo se convierten en obxecto de burla, como lle aconteceu á filla máis nova da familia de Teis, que se mantén falando en galego sempre.

[E]

Tiveches algunha experiencia negativa ou houbo algún momento en que te sentises incómoda por falar ou non falar galego?

[Inf_Tei_2]

Eu por exemplo non, pero miña irmá, que fala galego sempre, vaia onde vaia, ás veces tivo algunhas experiencias, pois que se rían dela ou así. Pero eu non, nunca me pasou.

As actitudes cara ao galego por parte da comunidade non favorecen a súa preservación e facilitan que os nenos opten por mudar ao castelán para sentirse integrados. Porén, estas actitudes teñen que ver con numerosos prexuízos aproveitados polo Partido Popular, que decidiu empregar a lingua como arma política nas eleccións do 2009. Os nosos informantes son totalmente conscientes do papel do goberno autonómico na situación actual da lingua. O discurso de «imposición» do

galego segue a estar presente entre a comunidade. A informante anterior expresa desta forma a súa percepción sobre as linguas que conviven na comunidade:

[E]

A túa opinión sobre o galego dirías que é semellante ás dos teus pais?

[Inf_Tei_2]

Si, creo que si.

[E]

E en que sentido?

[Inf_Tei_2]

A ver, non exactamente porque, eu por exemplo, *podo ser máis flexible e falar castelán coa xente* ou así. Pero os meus pais, por exemplo, vamos, eu que sei, a unha tenda. Vou coa miña nai e a señora que traballa aí imaxínate que é como moi, que vai falar castelán e non vai cambiar. *E a miña nai segue falándolle galego, e eu pois... nesa situación daríame un pouco máis de «Ui, pois esta persoa non quere falalo», pois...*

A entrevistada sabe que as actitudes cara ao galego moitas veces son negativas e observa que certas persoas son reticentes non só a falalo, senón a que llo falen. Por esta razón, ela cre que se debe ser máis flexible e cambiar de lingua para non crear unha situación incómoda.

[E]

Ti consideras que te tes que acomodar á lingua do outro?

[Inf_Tei_2]

Si. E os meus pais non.

[E]

Porque pensas que a outra persoa se sentiría... ou por que?

[Inf_Tei_2]

Non sei, simplemente por non... porque ás veces é como que *estás creando máis tensión, cando a outra persoa te está deixando claro que quere que a conversación sexa nunha lingua* e ti, se estás falando outra, pois estás dicindo «Non, eu quero falar esta», pero estás creando un pouco de... non sei, é como que se fai raro.

Con esta anécdota móstrase como esta rapaza considera que, nunha situación así, a súa nai debería mudar de lingua para non crear conflito; mais non considera que a persoa castelanfalante deba facer o mesmo. Ela é consciente da situación de tensión existente entre as linguas relacionada, moitas veces, coa asociación dos galegofalantes a certos grupos sociais ou políticos.

4.2. Crítica ás políticas lingüísticas

As familias son moi críticas coa falta de apoio real por parte do goberno autonómico para promover o uso do galego, tanto nas escolas coma nos espazos públicos. Consideran que as leis non son efectivas e que non se cumpre coa promoción do galego, o que contribúe á súa substitución progresiva polo castelán.

[E]

E cando decidistes ter fillas que lingua queriades falar?

[Inf_Tei_1]

Estaba claro. Estaba absolutamente claro que ía ser galego e inglés.

[E]

Entón foi unha decisión totalmente espontánea, non houbo ningún acordo.

[Inf_Tei_1]

Nada. Non houbo debate nin superficial, nin profundo. Elas tiñan que falar inglés porque é a lingua da súa nai e tiñan que falar galego porque é a lingua do seu pai. E a terceira variábel, que é *o español (...)* *O señor Rueda, Feijóo e tantos outros xa se encargan de que iso aconteza por arte de ósmose.*

[E]

E das diferentes iniciativas e recursos que fomos falando, cales son os máis efectivos e cales teñen máis dificultades?

[Inf_Tei_1]

A ver, o tema é... o decreto da Xunta con respecto a un proceso de asignaturas do sistema de... iso está pensado e *deseñado para unha morte progresiva do galego* e para que unha crianza, como xa ten acontecido, galegofalante, pois de repente a metan no Martín Códax onde se ten un estigma de que se falaba galego nos anos 80, en fin, finais dos 70. Só van pasar dúas cousas, ou ben que deixe de falar galego, ou que fale un galego que xa non se sabe o que é. É dicir, porque che está entrando todo iso, non? Vale, entón, é importante que se provean de *lugares tipo Semente onde as crianzas poidan ser educadas en inmersión lingüística*. Absolutamente fundamental. Iso de mandar a un galegofalante a un lugar onde hai un 40-60, 60-40 cando sabemos que *na realidade é 100% castelán* [risas] é que non serve de nada.

[E]

Pensades que aquí en Vigo serían necesarias iniciativas ou espazos para favorecer o uso do galego nos cativos e adolescentes?

[Inf_Lav_1]

Si, home, evidentemente ata o presidente da Xunta de Galicia mete gambas en vez de facerse un curso de formación en galego. Caso de Touriño, de Feijóo, Rueda... será

casualidade que nestes momentos o conselleiro de Cultura é castelanfalante³ (*sic*). *Entón, loxicamente, con mentalidades desas, como vai haber fomento do galego? Cero. Esa é a realidade.* Que se fala en ámbitos máis tal e inclusive en ámbitos institucionais, pero, por que? *Polo populismo e pola presión social, nada máis.* Realmente ves que a maioría dos dirixentes políticos do noso país son castelanfalantes e nótaselle que meten a gamba nun porcentaxe moi alto. Iso é a realidade.

[E]

Entón o problema viría do goberno autonómico?

[Inf_Lav_1]

Autonómico e local. De todas as administracións.

[Inf_Lav_2]

Que ves que os nosos políticos locais falan diante do micrófono en galego e cando o micrófono se cerra, dan media volta e falan castelán. [...] Que xa é un logro que diante do micrófono a maioría do tempo falen galego. Xa nos damos por satisfeitos. Pero bueno, gustaríanos que fose unha implicación un pouquiño máis seria.

Os informantes consideran que os políticos non teñen unha preocupación seria pola lingua, e as políticas lingüísticas existentes non están deseñadas para a súa recuperación, senón o contrario. Vese necesario un cambio nos dirixentes políticos para que poidamos cambiar de rumbo e recuperar a lingua propia do país, que, por primeira vez na historia, xa non é a lingua máis falada na comunidade (IGE 2023). A nosa informante adolescente decátase de que o galego estase a perder, especialmente entre a xente máis nova:

[E]

Pola rúa, entre xente da vosa idade, que lingua dirías que se escoita máis?

[Inf_Tei_2]

Castelán [risa].

[E]

O castelán. Vale. E o galego escóitase?

[Inf_Tei_2]

Xente da miña idade... non moito a verdade.

³ O actual conselleiro de Cultura da Xunta de Galicia é galegofalante (véxase https://gl.wikipedia.org/wiki/Jos%C3%A9_L%C3%B3pez_Campos). Non é falante nativo de galego o actual presidente da Xunta, Alfonso Rueda, aínda que ten as dúas linguas, castelán e galego, como habituais (véxase https://gl.wikipedia.org/wiki/Alfonso_Rueda).

[E]

Moi pouco, dirías?

[Inf_Tei_2]

Si.

Dende a súa visión, o galego está caendo en desuso e cada vez percibe que se fala menos, non só nesa faixa de idade senón de forma xeral.

[E]

Pensas que cos anos, ao facerte maior, a túa opinión sobre as linguas foi cambiando?

[Inf_Tei_2]

Non. A ver, sei que agora *vexo menos xente falando galego*, pode ser. Pero... a miña forma de ver as cousas non cambiou, sabes? Pero si que escoito moita menos xente que o fala e así.

Os datos máis recentes do IGE (2023) confirman que se están a perder máis falantes que nunca e por primeira vez o castelán é a lingua máis falada en Galicia.

5. Conclusións

As familias que deciden transmitir o galego aos seus fillos deben enfrontarse a múltiples obstáculos, tanto sociais como institucionais, e moitas veces ven que, malia os seus esforzos, a presión do castelán é demasiado forte. Só unha nena de 11 anos, filla da familia de Teis, se mantén falando en galego en calquera ámbito. Esta nena comezou na escola Semente, onde apostan por unha inmersión lingüística en galego, que permitiu que se familiarizase con esta lingua tamén fóra da casa. A escola é un espazo chave na continuación do uso da lingua, por iso cremos que é neste ámbito onde se deben implantar medidas urxentes de promoción e fomento do galego e onde se debe protexer a lingua.

A creación dunha comunidade galegofalante a través da inmersión lingüística en galego móstrase fundamental para a continuación do seu uso na cativada galegofalante, especialmente en áreas como a do noso estudo onde o castelán é claramente dominante.

Para asegurar a continuación da lingua galega, precísanse políticas lingüísticas eficaces desde o nivel macro, para así favorecer o uso do galego para os rapaces galegofalantes en calquera ámbito e incentivalo entre os castelanfalantes.

Por outra banda, e mantendo o argumento de Spolsky (2004) sobre a relación entre os diferentes niveis de política lingüística, tamén sería necesaria unha mudanza

nas crenzas e actitudes da comunidade sobre o galego, acabando cos prexuízos aínda vixentes e aumentando así o prestixio da lingua minorizada. A situación actual parece crítica, mais os procesos históricos pódense transformar e as decisións individuais poden contribuír a ese cambio.

Referencias bibliográficas

- Brohy, C./V. Climent-Ferrando/A. Oszmianska-Pagett/F. Ramallo (2019): *Carta europea para as linguas rexionais ou minoritarias: actividades para a aula*. Xunta de Galicia.
- CCG = Consello da Cultura Galega (2017): *Prácticas e actitudes lingüísticas da mocidade en Galicia*. Dispoñible en:
https://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2017_Practicas-e-actitudes-linguisticas-da-mocidade-en-Galicia.pdf.
- Concello de Vigo (s.d.): *Rueiro de Vigo*. Dispoñible en:
<https://hoxe.vigo.org/conecenos/rueiro.php?lang=gal>.
- Curdt-Christiansen, X.L. (2009): «Invisible and visible language planning: ideological factors in the family language policy of Chinese immigrant families in Quebec», *CurdLanguage Policy*, 8, 351–37.
- Estatuto de Autonomía de Galicia* (Ley Orgánica 1/1981, de 6 de abril): Dispoñible en:
<https://www.boe.es/eli/es/lo/1981/04/06/1/con>.
- Fernández Salgado, B. (2003): «Crise, que crise?», en D. Crystal, *A Morte das linguas. Razóns para a sobrevivencia*, 7-16. Vigo: Galaxia.
- Fishman, J.A. (1991): *Reversing Language Shift. Theoretical and Empirical Foundation of Assistance to Threatened Languages*. Clevedon (England) & Philadelphia: Multilingual Matters.
- Fishman, J.A. (2004): «Language Maintenance, Language Shift, and Reversing Language Shift», en T.K. Bathia/W.C. Ritchie (eds.), *The Handbook of Bilingualism*. Oxford: Blackwell Publishing.
- Gómez Ocampo, M. (2016): «“A imposición do galego”: Nacemento, auxe e consecuencias da creación dun problema público», *Grial*, 210, 136–141. Dispoñible en:
<https://www.jstor.org/stable/2652811>.
- IGE = Instituto Galego de Estatística (2018): *Enquisa estrutural a fogares. Coñecemento e uso do galego* [Base de datos]. Dispoñible en:
https://www.ige.gal/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?codigo=0206004.

- IGE = Instituto Galego de Estatística (2023): *Enquisa estrutural a fogares. Coñecemento e uso do galego* [Base de datos]. Dispoñible en:
https://www.ige.gal/estatico/estatRM.jsp?c=0206004&ruta=html/gl/OperacionsEstruturais/Resumo_resultados_EEF_Galego.html.
- Iglesias Álvarez, A. M./V. Acuña Ferreira (2022a): «Fálalle castelán que é o idioma da cidade»: a importancia dos contextos no éxito ou fracaso da transmisión familiar do galego», *Estudos de Lingüística Galega*, 14(1), 1-23. Dispoñible en:
<https://doi.org/10.15304/elg.14.7382>.
- Iglesias Álvarez, A.M./V. Acuña Ferreira (2022b): «A los niños se les habla en castellano”. Política lingüística familiar en Galicia: *habitus* o intervención», *Revista Española de Lingüística Aplicada*, 35(1), 236-264. Dispoñible en
<https://doi.org/10.1075/resla.20011.igl>
- LNL =Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística. Comunidade Autónoma de Galicia (*DOG*, núm. 84, de 14 de xullo de 1983). Dispoñible en:
<https://www.boe.es/buscar/pdf/1983/DOG-g1983-90056-consolidado.pdf>.
- Monteagudo, H. (2019): «Política lingüística en Galicia: de la normalización sin conflicto al conflicto desnormalizador», en J. Giralt Latorre/F. Nagore Lain (eds.), *La normalización social de las lenguas minoritarias*, 17-55). Zaragoza: Papers d’Avignon.
- Monteagudo, H. (2024): «Commentary: Language Policy in Galicia, 1980-2020. An Overview», *Journal on Ethnopolitics and Minority Issues in Europe*, 23(1), 1-20. Dispoñible en: <https://doi.org/10.53779/XPLM3788>
- Monteagudo, H./ A. Nandi/X. Loredó (2020): «La transmisión intergeneracional del gallego. Estrategias familiares de manteniemento y convivencia», *Hispanismes. Revue de la Société des Hispanistes Français*, 16, 1-21.
- Mühlhäusler, Peter (1994): «Salvar Babel», *O Correo da Unesco*, 47(2), 16-21.
- Nandi, A. (2019): «Política lingüística familiar. O papel dos proxentitores pro-galego na transmisión interxeracional», *Estudos de Lingüística Galega*, 11,77-101.
- Nandi, A. (2023): «Micropolíticas familiares de resistencia. Estrategias parentales para la transmisión intergeracional del gallego», *Revista Española de Lingüística Aplicada*, 36(1), 154-177.
- Proxecto Educativo Semente Vigo. (2024): *Quen somos*. Dispoñible en:
<https://vigo.semente.gal/quen-somos/>.
- PXNL = Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega (22/09/2004). *Diario Oficial de Galicia*. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Dispoñible en:
http://www.lingua.gal/a-secretaria-xeral/plans-e-actuacions/_/contido_0001/plan-xeral-normalizacion-lingua-galega.

Ramallo, F. (2013): «Neofalantismo», en E. Gugenberger/H. Monteagudo/G. Rei-Doval (eds.), *Contacto de linguas, hibridade, cambio: contextos, procesos e consecuencias*, 245-258. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

Seminario de Sociolingüística RAG (1996): *Actitudes lingüísticas en Galicia*. A Coruña: Real Academia Galega.

Spolsky, B. (2004): *Language Policy*. Cambridge: University Press.

UNESCO (2001): *Atlas of the World's Languages in Danger of Disappearing*. Paris: UNESCO.